



ANPA do CEIPP de  
PALMEIRA

CURSO 2020/21

## PRESENTACIÓN e SERVIZOS da ANPA do CEIPP de PALMEIRA

Queremos presentarnos e poñernos a **vosa disposición** para calquera cousa que poidades precisar. Somos pais e nais coma vos, que traballamos todo o ano de forma totalmente **altruísta** para **representar** e **defender** os dereitos dos nosos fillos/as e dos seus pais/nais/titores legais, así coma **ofrecer servizos** que complementan a oferta actual do colexio. A ANPA ofrece e xestiona:

- **Servicio de Comedor** escolar, de 14h a 16h, durante todo o ano escolar.
- **Servicio de Madrugadores**, de 7h a 9h, durante todo o ano escolar.
- **Banco de Libros de texto**, emprestando libros de 3º a 6º de primaria.
- **Actividades Extraescolares**, dentro e fora do centro, de 16h a 18h, de outubro a maio e con descontos grazas ás subvencións que a ANPA solicita: Ballet, Inglés, Club Creativo, Parkour, Xadrez, Baloncesto, Tennis, Dance, Lingua de Signos, Ximnasia Rítmica, loga...
- **Actuacións e Obradoiros** con contidos de gran relevancia social, culturais e educativos coma contacontos, maxia, música, teatro...
- **Viaxes** e excursións de interese lúdico e cultural, para todo o alumnado, amigos e familia.
- **Escola de familia**: charlas e talleres dirixidos a pais, nais e demais familia, con temas de interese dentro da familia e a comunidade educativa.
- **Descontos** para os nosos socios e socias nas tendas, ximnasios, academias e outros **establecementos** asociados á ANPA.
- Colaboramos con outras **Asociacións que proporcionan servizos na nosa zona**: Asociación TDAH Salnés, Asociación Galega de Afectados polo LUPUS (AGAL), AECC,...
- Participamos nos premios do **Certame de curtas de Alberto Romero**.
- **Proporcionamos representación** dos pais e nais ante o **Consello Escolar** do colexio.
- Contamos con **Seguro de Responsabilidade Civil e de Accidentes** para os nosos socios/as en tódalas actividades que realizamos e xestionamos.
- Pertencemos e traballamos coa **Federación de ANPAS (FEDAPA)** e por defecto coa Confederación de ANPAs de Galicia (CONFAPA-GALICIA) e de España CEAPA.
- **Cumprimos coa legalidade vixente** en materia de protección de datos (LOPD), libros, rexistros e no estado de contas, sempre a vosa disposición, cumprindo cas obrigas que a lei e os Estatutos nos impón.
- Facemos unha **Asemblea Xeral** de socios ordinaria no mes de **setembro**, onde presentaremos os servizos, actividades, actuacións e propostas para o ano escolar que comeza. E outra Asemblea Xeral ordinaria no mes de **xuño**, coa memoria de todo o feito durante o curso e coa aprobación das contas da Asociación.

A ANPA mantense grazas ás **cotas dos Socios**: podedes facervos socios **por 20€ familia/ano**.

En efectivo no local da ANPA, solicitando cita previa, ou preferiblemente mediante transferencia bancaria ao numero de conta **ABANCA ES87 2080 0340 76 3040001334**

Para a **atención persoal no local da ANPA** debedes **solicitar cita previa** (debemos evitar aglomeracións ou concorrencias nos corredores) no **teléfono 650199162** por **whatsapp** ou por correo electrónico **anpapalmeira@hotmail.com**

Agardamos que todos e todas poidamos desfrutar do especial ano escolar que da comezo.

Un saúdo,

PAZ GONZALEZ RIOBÓ (Presidente)  
JUAN LUIS FURONES RAMOS (Vicepresidente)  
ISABEL GARCÍA CASTAÑO (Secretaria)  
ASUN GUILLÁN SAMPEDRO (Tesoureira)  
MAIKA GARCÍA PAZ (Vogal)  
ISABEL RICO GARCÍA (Vogal)

**Xunta Directiva ANPA do CEIPP de PALMEIRA**



☎ 650199162

✉ [anpapalmeira@hotmail.com](mailto:anpapalmeira@hotmail.com)

Facebook Anpa Ceipp Palmeira